

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 9 de outubro de 2024 pola que se nomea persoal funcionario de carreira o persoal que superou o procedemento selectivo das prazas de persoal de administración e servizos (PAS) funcionario e laboral do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal correspondente ao subgrupo C2.

Publicada polo tribunal cualificador das probas selectivas para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de PAS funcionario e PAS laboral do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal, convocadas pola Resolución reitoral do 5 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro), a proposta definitiva de persoal seleccionado correspondente ao subgrupo C2, unha vez rematado o prazo establecido na base 8.1 e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta parcial feita polo tribunal cualificador e nomear funcionarios/as de carreira da escala auxiliar, subgrupo C2, as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo. No anexo da resolución relaciónanse as persoas nomeadas e os destinos adxudicados.

Segundo. Para adquirir a condición de funcionario/a de carreira, as persoas ás cales se refire o anexo desta resolución deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes que comezará a computarse a partir do 4 de novembro de 2024.

No caso de que as persoas aspirantes se encontren en situación de incapacidade temporal, o prazo para a toma de posesión comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberán acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, nas cales se poderá tomar posesión durante esta situación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publica-

CVE-DOG: 2f1jkuk1-eon4-ivb4-lum1-mz23pszynrd2



ción, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2024

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: 2t1jkuk1-eon4-ivb4-lum1-mz23pszynrd2





ANEXO

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Código	Denominación e unidade de adscrición	Nivel	Subgrupo	Quenda	Campus
1	***4252**	Pardal Campaña, María de los Ángeles	PF000582	Posto base. Área de Xestión de Investigación	17	C1/C2	Mañá	Compostela
2	***5203**	Cao López, Carmen	PF000633	Posto base. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Química	17	C1/C2	Mañá	Compostela
3	***5262**	Subirol López, María Florinda	PF000615	Posto base. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Farmacia	17	C1/C2	Mañá	Compostela
4	***7393**	Comesaña Pedreira, Xoán Antón	PF000580	Posto base. Área de Promoción e Estratexia Científica	17	C1/C2	Mañá	Compostela
5	***7120**	López Vázquez, Rosa María	PF000550	Posto base. Centro de Formación de Persoal	17	C1/C2	Mañá	Compostela
6	***8941**	Romero Antelo, Inés	PF000660	Posto base. Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado	17	C1/C2	Mañá	Compostela
7	***5580**	García España, Rosa María	PF000576	Posto base. Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador	17	C1/C2	Mañá	Compostela
8	***2418**	Rodríguez Seoane, María Lucía	PF000636	Posto base. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Veterinaria	17	C1/C2	Mañá	Lugo
9	***6366**	González Añón, José Carlos	PF000708	Posto base. Subárea de Contabilidade	17	C1/C2	Mañá	Compostela
10	***9997**	Sandá Morales, María Luisa	PF000704	Posto base. Servizo de Orzamentación e Planificación	17	C1/C2	Mañá	Compostela
11	***6920**	Sánchez Suárez, Raquel	PF000562	Posto base. Servizo de Xestión de Persoal	17	C1/C2	Mañá	Compostela
12	***9402**	Aboy García, María Adelina	PF000705	Posto base. Subárea de Contabilidade	17	C1/C2	Mañá	Compostela

